

## **ACORDO - COMPROMISO DE INCORPORACIÓN A PROGRAMAS DE VOLUNTARIADO**

CONCERTADO POR:

Dunha parte, Asociación Dignidad - Ferrol, con CIF G15500853 e co número de rexistro O- 424; e, no seu nome e representación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Romero Martín, maior de idade, con DNI nº 32618540 D, en calidade de Presidenta e Representante Legal da Asociación Dignidad - Ferrol (en adiante "A ENTIDADE")

Doutra parte, D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Saavedra Doce, nada o día 15/12/1988, con DNI nº 45862006 Y, número de póliza de seguro 0550880027470, veciño de Brión, con domicilio na Avenida Vicente Ramos nº 16 Localidade Brión, C.P. 15280 (en adiante "A PERSOA VOLUNTARIA").

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente plena capacidade para realizar o presente ACORDO DE COLABORACIÓN, para os fins do cal

### **MANIFESTAN**

**I.-** A ENTIDADE está constituída con personalidade xurídica autónoma e ten como obxecto e fins segundo os seus estatutos:

- Atención e axuda integral a menores, persoas con discapacidade, persoas maiores e mulleres con dificultades biopsicosociais e / ou en situación de precariedade, pobreza, exclusión ou marxinación social; sen distinción de nacemento, sexo, idade, nacionalidade, etnia, opinión, ideoloxía ou

relixión; ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- Prevención e superación das problemáticas derivadas da desintegración familiar, así como a atención dos menores en situación de desvantaxa ou inadaptación social.
- Desenvolvemento de programas orientados de cara á normalización, personalización e integración socio-familiar dos menores.
- Integración social e laboral das persoas con discapacidade.
- Favorecer a autonomía personal das persoas con discapacidade.
- Fomentar a permanencia das persoas maiores no seu medio o maior tempo posible, así como promover a súa autonomía personal.
- Colaborar coas diferentes entidades e organismos na prestación de axudas técnicas.
- Facilitar atención, acollida, información e asesoramento a mulleres, para previr a discriminación, o desamparo e a exclusión social.
- Incentivar a formación e a participación social da muller.
- Atención a situacións carenciais dos colectivos especificados e outros sen especificar cando se valore que se atopan en situación de emerxencia social.
- Fomento e promoción do voluntariado social na comunidade.

Dignidad quiere motivar e impulsar á persoa para que sexa quen de desenvolverse por sí mesma, favorecendo a súa autonomía e contribuíndo o seu desenvolvemento integral para acadar así o pleno desenrolo da dignidade humana.

Para a consecución destes fins, A ENTIDADE estableceu programas de voluntariado.

**II.-** A PERSOA VOLUNTARIA está interesado en colaborar de maneira altruísta no marco dalgún dos programas de voluntariado da ENTIDADE con Nº de rexistro 0-424 de entidades de voluntariado regulado polo Decreto 405/2001, do 29 de novembro, polo que se aproba o Rexistro de Entidades de voluntariado de Galicia (DOG nº 1 do 2 de xaneiro de 2002), previsto na disposición final 2ª da Lei 3/2000, do 22 de decembro do voluntariado de Galicia.

**III.-** Para formalizar as relacións que ámbalas dúas partes queren entablar, dando cumprimento ao disposto no artigo 11 da Lei 3/2000, do 22 de decembro, do Voluntariado de Galicia (DOG do 28 de decembro de 2000), é polo que se realiza o presente ACORDO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes **CLÁUSULAS:**

**Primeira.- Carácter altruísta da relación:**

A colaboración que preste a PERSOA VOLUNTARIA en calquera dos programas da ENTIDADE terá un carácter totalmente altruísta e gratuíto, sen que devengue ningún tipo de salario, honorarios, prima, dietas ou calquera outra contraprestación de carácter retributivo.

En ningún caso poderá tratarse, en consecuencia, dunha relación laboral, funcional, mercantil ou calquera outra retribuída.

**Segunda.- Dereitos e deberes da persoa voluntaria:**

1. A PERSOA VOLUNTARIA ten os seguintes dereitos:

a) Recibir a orientación, formación e apoio necesarios para o exercizo da súa actividade.

- b) Ser tratado sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- c) Participar activamente na ENTIDADE, de acordo cos seus estatutos e normas de actuación.
- d) Estar asegurado polos riscos que poidan derivar do exercizo da actividade voluntaria.
- e) Ser reembolsado dos gastos que realice no desenvolvemento das súas actividades.
- f) Dispor dunha acreditación que lle identifique como voluntario/a.
- g) Realizar a súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- h) Recibir certificación da súa participación nos programas e proxectos de voluntariado.
- i) Cesar libremente na súa condición de persoas voluntarias.

2. A PERSOA VOLUNTARIA ten as seguintes obrigas:

- a) Cumplir os compromisos adquiridos coa ENTIDADE, respectando os seus fins e normativa.
- b) Gardar confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- c) Rexeitar calquera contraprestación material que puidera recibir, ben do beneficiario, ben doutras persoas relacionadas coa súa acción.
- d) Respectar os dereitos dos beneficiarios da súa actividade voluntaria. Actuar de forma dilixente e solidaria.
- e) Participar nas tarefas formativas previstas pola ENTIDADE, tanto específicas da actividade voluntaria, como xerais sobre o voluntariado.
- f) Seguir as instrucións axeitadas aos fins da acción, impartidas no desenvolvemento das actividades encomendadas.
- g) Utilizar debidamente a acreditación e distintivos da ENTIDADE.

h) Respetar e coidar os recursos materiais que poña á súa disposición A ENTIDADE.

### **Terceira.- Deberes da Entidade:**

A ENTIDADE comprométese coa persoa voluntaria, a:

- a) Cumprir os compromisos adquiridos neste acordo.
- b) Subscribir unha póliza de seguro que cubra os riscos derivados da acción do voluntariado, tanto a responsabilidade civil como os accidentes.
- c) Cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ás persoas voluntarias dos medios adecuados para o cumprimento dos seus cometidos.
- d) Establecer os sistemas internos de información e orientación axeitados para a realización das tarefas que sexan encomendadas ao voluntario/a
- e) Proporcionarlle a formación específica e a orientación necesaria para a súa actividade.
- f) Garantirle a realización da súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- g) Facilitarlle unha acreditación que lle habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- h) Expedirle un certificado que acredite os servizos prestados.

### **Cuarta.- Contido das funcións e actividades da persoa voluntaria:**

A PERSONA VOLUNTARIA prestará a súa colaboura nas seguintes actividades da ENTIDADE:

1. Acompañamento a familias para a realización de xestións

2. Intervención con menores

3. Participación no proceso de implantación do sistema de xestión da calidade ISO 9001:2008.

**Quinta.- Tempo de adicación que se compromete a realizar A PERSOA VOLUNTARIA:**

A PERSOA VOLUNTARIA prestará a súa colaboración durante 31 horas semanais.

**Sexta.- Proceso de formación requirido:**

A formación específica requirida para a realización do servizo no que A PERSOA VOLUNTARIA vai colaborar é a seguinte:

Formación nalgunha área do ámbito social (Traballo Social, Educación social, Integración social,...,

A PERSOA VOLUNTARIA xa dispón desa formación requirida

**Sétima.- Duración do compromiso:**

O presente acordo terá unha duración indefinida.

Calquera das partes poderá deixalo sen efecto, debendo comunicar a súa decisión á outra parte cunha antelación suficiente, segundo o tipo de colaboración que se estea a prestar e, en todo caso, de forma que non supoña prexuízo para o que recibe a comunicación.

**Oitava:**

Para o non previsto no texto do acordo rexirá a Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

E, en proba de conformidade, asinan este acordo ámbalas partes intervintes en Ferrol, o 20 de xuño de 2009.

Asdo.: M<sup>a</sup> Dolores Romero Martín

Asdo.: Elena Matilla Vázquez